



Imagen: XOÁN A. SOLER (/FIRMAS/XOAN-ARIAS-SOLER)

A Gala do Libro Galego reconece a excelencia do traballo editorial do 2016

A escritora Hélia Correia, o libreiro Paco Platero e Ánxel Casal, premiados de honra



ELISA ÁLVAREZ (/FIRMAS/ELISA-ALVAREZ-GONZALEZ)
SANTIAGO / LA VOZ 21/05/2017 05:00

Foi a noite de homenaxe ao libro galego. Unha homenaxe na que desde hai dous anos se unen a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, a **Asociación Galega de Editoras** e a **Federación de Librarías de Galicia**. Todo o sector xuntouse no Teatro Principal de Santiago. Fíxoo para reconecer a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do 2016. Sen dotación económica, pero con moito orgullo e alegría para os premiados.

Houbo once categorías e mais tres premios de honra para distinguir toda unha traxectoria. Como a de **Hélia Correia**, elixida escritora galega universal. Dixo Correia que se as *Cantigas de amigo* fosen escoitadas moitas veces «habería máis xente na defensa da lingua». Tamén que a única causa que a levaría a usar un arma «sería a ameaza á miña lingua». **Francisco Negro Fernández**, **Paco Platero**, da librería Platero de Ourense, recolleu o premio a toda unha traxectoria como libreiro e finalmente a asociación de editoras dedicou o seu premio á memoria de Ánxel Casal, editor da editorial e imprenta Nós.

Pero quen pense que foi unha gala sesuda e somnolenta erra. O libro e a cultura galega teñen humor, música e frescura. A actriz Iria Pinheiro foi a encargada de conducir un acto no que as risas non puideron controlarse. Unha gala de homenaxes «e mullerenaxes», apuntou a actriz, quen recomendou quitar da regra dos masculinos en -axe (traxe, paxe e garaxe), a palabra paxe «porque cantas veces dicimos paxe no ano? O 5 de xaneiro? Era mellor poñer peaxe que a usamos máis», contou. O grupo De Vacas encargouse da música e contaxiou a todos os presentes coa súa versión de *Despacito, A Modiño*.

Xosé Ballesteros, director da Asociación Galega de Editoras (AGE) falou no nome das tres entidades e non foi moi optimista. «Este é un ecosistema que está a minguar de forma alarmante, agora **somos un pequeno e cativo país de grandes lectores**», dixo. Acordouse Ballesteros dos que se foron este último ano, como Fran Pérez, *Narf*, Fermín Bouza Álvarez ou Agustín Fernández Paz ([/temas/agustin-fernandez-paz](#)) entre outros. Reivindicou o desenvolvemento da Lei do libro do ano 2006 e insistiu na importancia deste sector como industria «non queremos ser mohicanos, antes preferimos ser mapuches», dixo.

En canto aos premios nas once categorías, o xurado concedeu o de mellor ensaio a *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María* ([/temas/manuel-maria](#)), de Mercedes Queixas e editado por Galaxia; o galardón á mellor obra narrativa foi para *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo, tamén de Galaxia; o libro de literatura infantil ([/temas/literatura-infantil](#)) e xuvenil recaeu en Leticia Costas con *Jules Verne e a vida das mulleres planta*, de Xerais de Galicia; o mellor libro ilustrado foi o de Óscar Villán, *Canta connosco*, de Kalandraka ([/temas/kalandraka](#)) Editora; como iniciativa bibliográfica os membros do xurado recoñeceron *Aulas sen paredes*, de Rosalía Fernández Rial, editado por Edicións Positivas; a mellor tradución ao galego do ano foi a de *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña*, unha tradución de Henrique Harguindey Banet, de Rinoceronte Editora; *O cuarto das abellas*, de Antía Otero, editado por Xerais, foi elixido mellor libro de poesía; na categoría de texto de teatro o galardón foi para *Moito morro corporation, sociedade ilimitada*, do autor Carlos Labraña e editado por Galaxia; a iniciativa cultural ou de fomento da lectura foi para o ciclo *Vermú entre libros*, da Librería Paz; como proxecto literario na rede gañou *A Segra*, da Plataforma de Crítica Literaria; e finalmente a mellor proposta de xornalismo cultural foi a do programa *Zig-Zag*.